

SESIÓN DIVULGATIVA E TI, COÑECES A FÓRMULA?

ESCOLA SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS
CULTURAIS DE GALICIA

7 de abril 2025 | 9.30 - 12 h. | Pontevedra



Esta actividade foi organizada dende a materia "**Xestión e Actividade Profesional**", co obxectivo principal de dar a coñecer as características da forma xurídica de sociedade cooperativa en concreto no sector da protección do Patrimonio Cultural.

A **Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop** é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxetivos agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop / info@espazo.coop

Xeitura ofrece dende 2012 servizos culturais, medioambientais e de ocio. Traballa no ámbito da economía social para un heteroxéneo e amplo abano de clientes, dende a administración pública ou entidades sen ánimo de lucro e fundacións, ata outras empresas, entidades privadas ou particulares. Atendendo ás tres grandes áreas de actuación aceptadas na Xestión Patrimonial ofrece un amplo catálogo de servizos, que abarcan dende a xestión básica (investigación e protección) ata a xestión aplicada (difusión). Para isto conta con convenios de colaboración cun amplo número de profesionais, empresas e institucións, adaptándose ás necesidades de cada cliente.

Xeitura: Xestión Integral do Patrimonio Soc. Coop. Gal. / contacto@xeitura.com